

## *O LACROSSE*

---

### *Historia*

A orixe do Lacrosse encóntrase nun xogo practicado por moitas tribus indias de Norte América como os Cherokees, Iroqueses...

En todos eles empregábase un pau cunha rede nun dos seus extremos co obxecto de recoller e desplazarse e lanzar unha pequena pelota que solía ser de madeira recuberta de coiro. O campo non tiña unhas dimensións concretas, podendo chegar a xogar nun terreo de varios kilómetros de extensión.

Con este xogo se atoparon os xesuítas franceses que no comezo do século XVII chegaron a estas terras co propósito de evangelizar ós nativos. Estes relixiosos chamaron ó xogo “jeu de la crosse”, xa que o pau co que xogaban se parecía ó báculo dos obispos franceses (“crosse” en francés). Parece ser que o concepto se transformou, por un fenómeno de asimilación de palabras, hoxe coñecido como lacrosse.

Na súa versión moderna, está permitido o contacto, sendo obrigatorio o uso de cascos, guantes e ombreiras. As mulleres usan antiparras xa que o contacto non é tan forte.

Actualmente é moi famoso na costa este de EEUU, Canadá, Nova Zelandia, Australia e Xapón.

Existen tres modalidades:

- Field lacrosse, sobre herba.
- Box lacrosse, de dimensións máis reducidas.
- Indoor lacrosse, para lugares cerrados. O que faremos en clase é esta modalidade adaptada, coñecida como “intercrosse”.

Actualmente en España hai unha liga de 8 clubs, representando as principais cidades.

### *Campo de xogo, número de xogadores*

Dous equipos de 8 xogadores se enfrentan nun campo de balonman (40 X 20), empregando as mesmas porterías.

O obxectivo é marcar o maior número de goles na portería contraria. Cada xogador está provisto de un implemento ou stick co que pode impulsar a pelota. Os porteiros contan cun stick especial de maior superficie.

### *Regras do xogo*

Queda totalmente prohibido:

- Correr máis de cinco pasos coa pelota.
- Proxectar a pelota co stick empregando unha soa man.
- Empregar o stick para bloquear, obstaculizar ou golpear o contrario.

- Efectuar un lanzamento a portería dentro da área de 6 m. (pódese entrar a recoller a pelota pero non lanzar).
- Presionar o xogador en posesión da pelota. Éste sempre debe contar cunha circunferencia de seguridade para evitar o contacto.

Podes ampliar información aquí:

- <http://www.madridlacrosse.com/>, páxina do principal clube de España.
- <http://www.filacrosse.com/>, páxina da Federación Internacional de de Lacrosse.